



## ***Elisa e Marcela. Alén dos homes***

**Narciso de Gabriel**

**Historia de dúas mestras coruñesas que casaron en 1901 na Igrexa de San Xurxo (A Coruña), adoptando Elisa a identidade de Mario. Foron perseguidas pola xustiza, encarceradas e solicitada a súa extradición de Portugal.**

“As mestras tamén desempeñaron un importante papel no tateante movemento feminista español de finais do século XIX e comezos do XX. A súa experiencia permitiulles tomar conciencia da importancia de dúas das reivindicacións básicas do feminismo: o acceso á educación formal e a un traballo remunerado. Procedentes en boa medida das clases medias, non conseguiron sentarse nos pupitres dun instituto ou dunha universidade, aínda que si nos dunha escola normal, e adquirir un nivel cultural que, con todas as súas limitacións, era moi superior ao do común das mulleres da época. Algunhas cursaban estes estudos por simple afán de saber, mentres que outras exercían a profesión nalgún momento da súa vida. As primeiras en facéreno comprobaron que, malia realizaren o mesmo traballo, as súas nóminas eran inferiores ás dos mestres, e loitaron pola equiparación salarial, que finalmente conseguiron. Os seus estudos e salarios eran certamente modestos, mais propiciaban pensar e vivir de forma autónoma. Unha parte delas querían facer extensiva esa autonomía ás súas iguais, polo que se converteron en abandeiradas do feminismo, que nesta fase da súa evolución aínda estaba en condicións de alimentarse dos froitos das súas propias reivindicacións.

Eran Elisa e Marcela feministas, como outras compañeiras de profesión? Para dar resposta a esta última interrogante carecemos, unha vez máis, do

testemuño das propias interesadas. As súas vidas, na pequena medida en que nos resultan accesibles, poden lerse, cando menos parcialmente, en clave feminista, pois demostraron que alén dos homes tamén había vida para as mulleres, por máis que a práctica desta autonomía, levada ás últimas consecuencias, esixira o travestismo dunha delas. A sociedade patriarcal e homófoba non estaba disposta a que estes “desvaríos” ficasen impunes e fíxolles pagar moi cara a súa ousadía, e elas mesmas víronse obrigadas, para limitar o alcance do castigo, a presentar o seu matrimonio como unha loucura propia de mulleres que non son conscientes do alcance dos seus actos. Fagamos que o seu sufrimento e a forza do seu amor, como o sufrimento e o amor doutras moitas persoas que nos acompañaron nas páxinas anteriores, non sexa inútil, construindo unha sociedade onde ninguén sexa perturbado pola súa forma de ser e de sentir. Unha sociedade que non practique a represión, mais tampouco a inxuria, e onde a liberdade se impoña a prexuízos seculares.”